CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e

Contidos

- terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de primeira lingua estranxeira, guiaránse polos seguintes puntos:

Súper destrezas:

Favorecerá o desenvolvemento das catro súper destrezas identificadas no World Economic Forum como as competencias que necesitarán os alumnos de hoxe en día para ter éxito. As súper destrezas de Colaboración, Creatividade, Comunicación e Pensamento Crítico proporcionan a base para ser capaces de adaptarse e prosperar no noso mundo cambiante. Ademais destas 4Cs, as competencias sociais e emocionais tamén son fundamentais para o desenvolvemento dos alumnos. Permitirá o desenvolvemento de estas destrezas aos alumnos mentres aprenden inglés.

Proxectos Colaborativos:

Cada unidade abre cunha pregunta do tipo What do you think?, que anima aos alumnos para reflexionar sobre o tema da unidade. Os proxectos de final da unidade ánimaos a crear unha resposta colaborativa a esa pregunta, poñendo en práctica os seus coñecementos e a linguaxe que adquiriron na unidade, a través de situacións de aprendizaxe diversas. O traballo nos proxectos resulta fácil de facer en clase, grazas ao enfoque único a través do resumo

proporcionado polo Graphic organiser, e facilita un enfoque colaborativo da aprendizaxe para clases grandes, á vez que se desenvolve a competencia dixital. As súper destrezas desenvólvense paso a paso con cada proxecto, e poténciase a autonomía dos alumnos, xa que analizan o seu traballo mediante tarefas de auto-avaliación. O curso tamén ofrece unha oportunidade de que os alumnos e alumnas avalíen en máis profundidade o seu traballo no Proxecto e reflexionen sobre os seus progresos desde un punto de vista competencial.

Clases inclusivas:

As seccións Every ability apoian distintos tipos de aprendizaxe e axudan ao éxito de todos os alumnos. Con gran variedade de enfoques, poténciase a aprendizaxe diferenciada. O Grammar bootcamp inclúe actividades de reinforcement e de challenge que ofrecen solucións prácticas para distintas destrezas para unha clase inclusiva. As actividades do Workbook están coidadosamente graduadas, cun sistema de clasificación con estrelas, para reforzar ou ampliar a aprendizaxe, e o Teacher's Resource Centre ofrece tests graduados e worksheets en tres niveles para complementar a programación.

A participación de toda a clase é integral en cada lección.

Os Brain teaser son enigmas baseados na gramática da unidade e con claves visuais, con retos aritméticos e de lóxica, que permiten a todos os alumnos mostrar o seu talento na clase. A revisión por parellas nas destrezas de produción, pódese utilizar para emparellar aos alumnos máis capaces con outros máis frouxos, para animar ao desenvolvemento tanto individual como colaborativo.

O Grammar bootcamp ofrece actividades adicionais de práctica de gramática, deseñadas para reforzar ou ampliar a súa aprendizaxe segundo conveña. Anímase aos alumnos para utilizar as seccións peer review para apoiarse mutuamente nas súas destrezas de produción. O Teachers Book ofrece ideas adicionais para atender á diversidade, mediante as seccións Reinforcement e Challenge, así como actividades extra.

Competencias para o mundo real:

O enfoque da aprendizaxe baseada en competencias para o mundo real utiliza contido real, repaso por parellas e seccións de auto-reflexión, así como destrezas de linguaxe coidadosamente estruturadas para captar a atención dos adolescentes. Os textos de lectura están baseados en persoas, lugares e acontecementos do mundo real, e foron coidadosamente seleccionados para chamar a súa atención sobre o tema, mentres que as actividades de pensamento crítico reflicten unha transición desde procesos de pensamento máis simples (como poden ser lembrar, comprender, aplicar), a outros procesos máis complexos (por exemplo analizar, avaliar, crear). Os apartados de subskill cobren unha gran variedade de estratexias para desenvolver as destrezas dos alumnos.

Riqueza de medios:

O curso ofrece unha gran variedade de vídeos de alta calidade:

Porcións de vídeos temáticos, que van desde vlogs a titoriais, clips de documentais orixinais e material proporcionado pola BBC, que serven para presentar o tema e enfocar a linguaxe nun formato atractivo, deseñado para espertar o interese dos alumnos. As actividades de Video skills desenvolven as habilidades dos alumnos no campo audiovisual, axudándolles a analizar o contido dos vídeos, comprender a súa finalidade e desenvolver as súas destrezas de observación.

Nos vídeos de diálogos aparecen adolescentes utilizando a linguaxe funcional en escenarios da vida real. Serven para ofrecer aos alumnos un exemplo de falantes nativos que utilizan a linguaxe clave en contexto, co obxecto de axudarlles coa súa propia produción oral.

Os vídeos dos Proxectos serven de modelo nunha gran variedade de contextos para enfocar as propias respostas dos alumnos.

Plurilingüismo e Mediación lingüística:

En cada unidade inclúese unha actividade de Plurilingüismo que convida os alumnos a reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas entre o inglés e a súa propia lingua, facendo que tomen conciencia sobre como funciona a linguaxe.

Os alumnos teñen a oportunidade de desenvolver as súas destrezas de Mediación lingüística ao longo de todo o curso, a través de actividades do mundo real, relacionadas co tema da unidade. Estas tarefas poden requirir tanto mediación interlingüística como intralingüística para producir a linguaxe escrita ou oral.

O Competence Evaluation Tracker ofrece así mesmo unha serie de estratexias de mediación para apoiar aos alumnos nestas tarefas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto.Workbook "Influence Today" da editorial Macmillan Education
Recursos audiovisuais auténticos: videos en internet, métodos de webs especializadas na ensinanza do inglés (de dominio público).
Plataformas virtuais de aprendizaxe: Aula virtual do centro con material audiovisual variado relacionado coas unidades impartidas ao longo do curso.
Diccionarios en papel e aplicacións como o Word Reference .
Para a profesora:Teacher's Book con código para a Teacher's App, Classroom Presentation Kit, Test Generator, Teacher's Resource Centre.
Aplicación da editorial Macmillan cos apartados: digital workbook, on-the-go practise e students centre.
Libro de lectura obrigatoria en inglés: The Picture of Dorian Gray
Documentos auténticos: folletos informativos, application forms, periódicos, revistas...
Plataforma Edixgal o ordenadores de aula para o alumnado e mais para o profesorado.

- Completaránse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

-Edixgal servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos e comunicación có docente.

- O método empregado neste curso é Influence Today 3 da editorial Macmillan . O alumnado contará có workbook e unha conta personal que lle permitirá acceder a diverso material do método: libro dixital, actividades de repaso e reforzo, etc.

-Descrición do material do método Influence Today 3:

WORKBOOK

O Workbook de Influence foi deseñado para practicar e repasar os contidos da programación e inclúe as seguintes seccións:

¿ Vocabulary 1. Practica o primeiro bloque de vocabulario da unidade.

¿ Grammar 1. Practica o primeiro bloque de gramática da unidade.

¿ Vocabulary 2. Practica o segundo bloque de vocabulario da unidade.

¿ Grammar 2. Practica o segundo bloque de gramática da unidade.

¿ Reading. Texto relacionado co tema da unidade.

¿ Listening and Speaking. Textos breves de listening, que inclúen un apartado de sub-destrezas, baseado na sección `Subskill¿ do Student's Book, e practican a linguaxe funcional da páxina de `Speaking¿ do Student's Book.

¿ Writing, Super skill and Unit Review, practica a linguaxe/sub-destreza da páxina de `Writing¿ do Student's Book, e inclúe unha serie de súper destrezas que se cobren en distintos proxectos do Student's Book, centrándose nalgún dos catro aspectos das Super Skills (Colaboración, Creatividade, Comunicación e Pensamento Crítico).

¿ Unit Review, Cumulative Grammar and Self-evaluation, repasa toda a linguaxe da unidade, ofrecendo un exercicio de práctica de gramática acumulativa. A sección de autoavaliación axuda aos alumnos para reflexionar sobre o que aprenderon e o que fixeron ben na unidade, así como aquilo no que necesitan traballar máis.

¿ Seccións finais do Workbook: Grammar reference, Vocabulary extension, Writing reference, Social and emotional content, Literature, Exam trainer e Functional language phrasebook.

TEACHER'S BOOK

O Teacher's Book está estruturado en tres partes:

1) Preliminares: Que inclúen a lista de Contidos do Teacher's Book, a introdución, a lista de Contidos do Student's Book, e unha ampla variedade de recursos, entre os que se inclúe un Activities Bank que ofrece ideas para xogos e

tarefas que se poden utilizar en varios escenarios (ex. carreiras de deletrear, retos de memoria, etc.).

2) Corpo principal: Inclúe unha copia en formato reducido das páxinas do Student's Book das unidades principais, con cadros de respostas superpostos, intercalados coas notas do profesor.

3) Seccións finais do Student's Book: unha copia en formato reducido das páxinas do Student's Book con cadros de respostas superpostos.

Copia en formato reducido das páxinas do Student's Book

A páxina do Student's Book está replicada, pero en tamaño reducido, para deixar espazo para colocar as claves de respostas ao redor da páxina, á beira do exercicio correspondente. Nas páxinas de notas do profesor inclúense cadros coas claves de respostas máis longas.

Páxina de notas para o profesor do Teacher's Book

Esta páxina contén as instrucións dos exercicios do Student's Book, así como outras seccións tales como actividades de quecemento, de atención á diversidade e notas culturais.

Cadros da páxina de notas para o profesor:

¿ Obxectivos da lección: Un breve resumo dos obxectivos da lección en canto ao que teñen que facer os alumnos.

¿ Actividades de quecemento/Lead-ins: Unha actividade de práctica opcional que ofrece suxerencias aos profesores para preparar aos alumnos para a lección. Pódese centrar en persoas/lugares/acontecementos/conceptos que se presentarán na seguinte lección ou ben en ideas/vocabulario dunha lección anterior, ou como repaso de gramática/vocabulario dun momento anterior do libro.

¿ Notas lingüísticas: Notas lingüísticas para o profesor con información extra sobre pronuncia, vocabulario ou gramática.

¿ Notas culturais: Notas socio-culturais para ofrecer aos profesores información de base moi útil sobre persoas, lugares, acontecementos, ou conceptos mencionados no Student's Book.

¿ Actividades extra opcionais: Breves e sinxelas actividades opcionais extra para os alumnos. Hai tres tipos de actividades:

¿ Extra activities: actividades breves que poden servir para ampliar a tarefa que acaban de completar os alumnos ou ben ampliar o seu coñecemento sobre algo que acaban de estudar.

¿ Fast finishers: actividades extra moi curtas para aqueles alumnos que terminaron as súas tarefas antes que o resto da clase.

¿ Get online: actividades deseñadas para animar aos alumnos para investigar online ou a buscar máis información relacionada coa lección.

¿ Contidos de atención á diversidade: actividades dirixidas a ampliar ou a ofrecer máis apoio para a tarefa.

¿ Further practice: referencias a outros compoñentes.

¿ Homework: unha actividade breve, atractiva e alcanzable para practicar algo do estudado na lección.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

-Adicaranse á avaliación inicial as 2 das primeiras sesións do curso có fin de coñecer o nivel de coñecementos da materia por parte do alumnado e detectar as posibles carencias ou dificultades que poidar ter.

-É importante coñecer a dinámica do grupo e as particularidades do mesmo así como os casos de repetición de curso, materia de inglés pendente do curso anterior, nova incorporación ao centro, necesidades especiais, ACIs ...

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo

2. Proba de nivel

3. Actividades que desenvolvan a destreza lingüística oral

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	15	15	10	100
Proba escrita	77	77	70	77	77	77	77	77	77	76
Táboa de indicadores	23	23	30	23	23	23	23	23	23	24

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4) E INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8) : 10%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 15%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

4 MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10): 15%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 20%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

6. INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta,etc

As probas escritas terán os seguintes apartados:

10%-Realización de tarefas na casa e traballo na aula.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

-Trae as tarefas feitas.

-Traballa na clase e participa activamente falando en inglés.

-Entrega os proxectos dentro do prazo fixado (aula virtual, traballos, writings,etc)

25%-Gramática (grammar)

20%-Vocabulario (vocabulary) (Inclúe fonética)

20%-Comprensión escrita (reading)

15%-Expresión escrita (writing)
10%-Comprensión oral (listening)
10%- expresión oral (speaking)

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

Probas escritas: 90% (Controis: : 30% Exames avaliación: 70%).

Taboas de indicadores e/ou proxectos:10% (homework, classwork...)

No caso de que non se faga a proba de listening e/ou speaking nos controis, o 10% correspondente a estes apartado se repartirá entre os outros apartados.

No exame aparecerá por escrito o valor de cada apartado e de cada exercicio.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado.L

Los criterios de cualificación en la prueba de recuperación de unio serán:

GRAMMAR-25%
VOCABULARY-25%
READING-25%
WRITING-25%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os tres trimestres, baseado na realización de boletíns.Ademais do boletín de recuperación a profesora examinará ao alumnado pendente con probas se avaliación levadas a cabo na semana destiñado para tal fin. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

O alumnado obterá unha calificación por avaliación . O peso da nota para facer o cómputo final será o seguinte:

1ª avaliación -20%
2ª avaliación -30%
3ª avaliación -50%

O cálculo da nota trimestral será a seguinte:

25%-Gramática (grammar)
25%-Vocabulario (vocabulary) (Inclúe fonética)
25%-Comprensión escrita (reading)
15%-Expresión escrita (writing)
10%- boletín de exercicios (entrega en prazo e corrección dos exercicios propostos)

Tras a terceira avaliación de non ter acadado un resultado igual ou superior a 5 como nota final de curso, o alumnado terá unha proba de recuperación final no que os criterios serán os seguintes:

25%-Gramática (grammar)
25%-Vocabulario (vocabulary) (Inclúe fonética)
25%-Comprensión escrita (reading)
25%-Expresión escrita (writing)

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ACNEEs)

1. A escolarización do alumnado que presenta necesidades educativas especiais rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo.

2. As administracións educativas establecerán as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio, humanos e materiais, que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptarán os instrumentos, e no seu caso, os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

3. Con este propósito, as administracións educativas establecerán os procedementos oportunos para realizar adaptacións dos elementos do currículo que se aparten significativamente dos que determina este real decreto cando se precise delas para facilitar a este alumnado a accesibilidade ao currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias e conterán os referentes que serán de aplicación na avaliación deste alumnado, sen que este feito poida impedirilles a promoción ou a titulación.

4. Sen menoscabo do disposto nos apartados 5, 6 e 7 do artigo 16, a escolarización deste alumnado na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias establecidas e a consecución dos obxectivos da etapa.

5. A identificación e a valoración das necesidades educativas deste alumnado realizaranse, o máis tempranamente posible, por profesionais especialistas e nos termos que determinen as administracións educativas. Neste proceso serán preceptivamente oídos e informados os pais, nais, titores ou titoras legais do alumnado. As administracións educativas regularán os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

1. A identificación do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, así como a valoración das devanditas dificultades e a correspondente intervención, realizarase da forma máis temperá posible e nos termos que determinen as administracións educativas.

2. A escolarización deste alumnado rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

ALUMNADO CON INTEGRACIÓN TARDÍA NO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL OU CON CONDICIÓNS PERSONAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

1. A escolarización do alumnado que se incorpora tardíamente ao sistema educativo español realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico. Cando presente graves carencias na lingua ou linguas oficiais de escolarización, recibirá unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

2. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dúas ou máis cursos poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfasamento e permítanlle continuar con aproveitamento os seus estudos. No caso de superar o devandito desfazamento, incorporaranse ao grupo correspondente á súa idade.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

Nos termos que determinen as administracións educativas, poderase flexibilizar a escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, de forma que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa ou reducirse un curso a duración da mesma, cando se prevexa que son estas as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.			X					
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X					X		
ET.6 - A igualdade de xénero.				X				
ET.7 - A creatividade.	X	X		X				X
ET.8 - A educación para a saúde	X							
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.					X			
ET.11 - O emprendemento social e empresarial					X	X		X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico				X		X		

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	
ET.7 - A creatividade.	X
ET.8 - A educación para a saúde	

	UD 9
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN INFLUENCE TODAY 3 INFLUENCE TODAY 3 integra todo tipo de temas transversais no proceso de aprendizaxe, de maneira que en todas as unidades trátanse temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde, a educación para o consumidor e a educación para o lecer. **UNIDADE VALORES E OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE EN INFLUENCE TODAY 3**

1 Educación para a Paz: A importancia de axudar aos demais. Educación para a saúde: A importancia de lavarse as mans para estar sans
2 Educación moral e cívica: A importancia de aceptarse a si mesmo Sustainable Development Goals: 4, 6, 14
3 Educación moral e cívica: A importancia de ser un bo estudante. / A importancia de ser educados cando piden información. Sustainable Development Goals: 4, 8, 11
4 Educación para a saúde: A importancia de seguir hábitos saudables, tales como a comida sa. Sustainable Development Goals: 3, 6
5 Educación para a Paz: A importancia de axudar aos demais mediante o uso de inventos útiles. Sustainable Development Goals: 8, 9, 12
6 Educación para o Lecer: A importancia de gozar de actividades de tempo libre tales como a fotografía. Sustainable Development Goals: 11, 15
7 Educación para a Paz: A importancia de viaxar para ampliar a mente e axudarlles a aprender cousas sobre o mundo. Sustainable Development Goals: 4, 8, 11
8 Educación para o Consumidor: A importancia de mostrar unha actitude crítica cara á tecnoloxía. Sustainable Development Goals: 3
9 Educación moral e cívica: A importancia de detectar as noticias falsas Educación para a saúde: A importancia de practicar deporte para manterse en forma Sustainable Development Goals: 3, 4, 16

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O departamento propoñerá traducións de escritores ingleses ou americanos e fará recomendacións de lecturas adaptadas en inglés.			
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O departamento de inglés está disposto a asistir co alumnado a todos aqueles actos que teñan que ver co proceso formativo, e en especial a aqueles que teñan relación coa aprendizaxe de linguas .			
Club de lectura	Dende a biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Propóranse obras anglófonas ou en inglés.			
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, concursos e exposicións promocionados por distintos organismos para a promoción de linguas extranxeiras.			
Actuación en inglés: Scape Room	O alumnado terá a oportunidade de asistir a unha "performance" levada a cabo en lingua inglesa para unha toma de contacto real coa lingua .			

Observacións:

O departamento estará atento as posibles actividades que poidan xurdir ao longo do curso y que resulten de interese e axuda para o aprendizaxe da lingua inglesa.

Estas actividades se poderán levar a cabo logo de ser aprobadas en consello escolar, se hai un número suficientemente alto de alumnado interesado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Outros
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
Ás veces
Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

PROENS

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

AVALIACIÓN

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados